



Concello do Porriño

## **Regulamento Rexistro de Artistas Locais**

### **Obxecto.-**

A Concellería de Cultura do Concello do Porriño ten por obxecto crear un Rexistro Municipal de Artistas Culturais Locais, coa finalidade de:

- Contribuír ao desenvolvemento da comunidade artística.
- Dar a coñecer e así fomentar a contratación de grupos e creadores/as do Porriño.

### **Participantes.-**

Poderán inscribirse todas aquelas persoas ou grupos que teñan a súa residencia no Concello do Porriño.

### **Inscricións.-**

As inscricións faranse de acordo á instancia establecida que poderá descargarse na web do concello <https://oporrino.org> e que deberá presentarse no Rexistro Municipal do Concello do Porriño, achegando a documentación solicitada.

- Fotocopia do DNI.
- Aportación de documentos gráficos en soporte dixital (fotografías, vídeos...)
- Currículo (traxectoria artística) ou memoria explicativa acerca da disciplina artística do solicitante.

No caso de artistas menores de idade, a solicitude será asinada polo pai, nai ou titor/a legal do menor.

### **Clasificacións.-**

As inscricións rexistradas serán divididas en diversos grupos, segundo as disciplinas presentadas.

### **Obrigas.-**

Presentar a solicitude debidamente cumprimentada ademais dos documentos requiridos. Só se procederá á inscrición no Rexistro unha vez que sexa entregada toda a documentación.

Cumprimentar a documentación con datos reais.

Informar de calquera modificación nos datos solicitados.

Darse de baixa no Rexistro cando cese a actividade.

### **Acceso.-**

Este Rexistro será público de tal forma que poderán acceder a el todas as persoas interesadas, de forma telemática a través da páxina web do Concello.

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Concello do Porriño

## **SOLICITUDE DE INSCRICIÓN DE ARTISTAS LOCAIS**

### **Nome do Artista ou Grupo:**

--

### **Datos da Persoa:**

Nome e apelidos:			
Enderezo			
Rúa/Praza:	Nº:	Piso:	Localidade:
Teléfono:			
Correo electrónico:			
Web:			
Redes Sociais:			
Forma parte dalgunha sociedade de autores/editores:			
Se forma parte dalgunha sociedade de autores/editores, indique cal:			

### **Datos do Representante:**

Nome e apelidos:			
Enderezo			
Rúa/Praza:	Nº:	Piso:	Localidade:
Teléfono:			
Correo electrónico:			

### **Tipo de Disciplina Artística:** (música, pintura, teatro, literatura...)

--

### **Breve Descrición da Proposta Artística:**

--

### **Achegar a seguinte documentación:**

- Fotocopia do DNI.
- Aportación de documentos gráficos en soporte dixital (fotografías, vídeos...).
- Currículo ou memoria explicativa acerca da disciplina artística da persoa solicitante (traxectoria artística).

### **Artistas menores de idade:**

--

Asinado pai, nai ou titor/a legal do menor

.- A persoa interesada autoriza o tratamento automatizado dos datos persoais que voluntariamente subministraron, e que son necesarios para a prestación do servizo. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados no Rexistro de Artistas Locais, cuxa finalidade é a creación do mesmo.

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579